



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Voz
DISCIPLINA	Técnicas de expresión oral
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual e Xestual
CURSO	4º
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Optativa
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Nuria Montero Gullón
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Nuria Montero Gullón</p> <p>Horario titorías:</p> <p>Despacho:</p> <p>Contacto: nmgullon@edu.xunta.es</p>
DESCRIPCIÓN	<p>Aplicación dos fundamentos da práctica textual. Análise da estrutura gramatical e dramática do discurso escénico. O texto e a relación son-senso. Exploración da sonoridade do texto no corpo e no espazo. Uso das imaxes, sensacións, atmosferas que o texto evoca. Equilibrio técnica/emoción. Da exploración á repetición. Aplicación na escena.</p>
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
E11	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
E13	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
E15	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Ser consciente das propias posibilidades expresivas para poder utilizalas na manipulación do texto.	T1, T2, T3, T13, X3, X5, X6, E11, E15
2. Aplicar as ferramentas relativas ao texto sexa este do estilo que sexa para poder aproveitar as características propias do mesmo na interpretación.	T1, T2, T3, T15, X3, E11
3. Ser quen de canalizar axeitadamente os recursos e técnicas físico-vogais para aplicala ás necesidades da interpretación.	T1, T2, T3, T13, T15, X3, X5, X6, E11, E13, E15

4. Mellorar a capacidade de retentiva para aproveitar mellor os tempos de ensaio.	T1, T2, T3, T13, T15, X3, X6, E11, E13
5. Identificar e afrontar con autonomía as dificultades na práctica textual para ser quen de responsabilizarse do propio proceso formativo.	T1, T2, T3, T13, T15, X3, X5, X6, E11, E13, E15
6. Poñer ao servizo da creación os parámetros traballados para mellorar a interacción co resto dos actores e coa dirección.	T1, T2, T3, T13, T15, X3, X5, X6, E11, E13, E15

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1...ANÁLISE ESTRUTURAL DO TEXTO	1. Tipo de palabras. 2. Tipo de frases. 3. Tipo de textos.	6
2...PARÁMETROS EXPRESIVOS	1. Xestión texto/emisión. 2. Xestión emoción/emisión. 3. Xestión acción/emisión.	6
3...APLICACIÓN NA INTERPRETACIÓN	1. Prácticas vinculadas á análise da estrutura do texto e os seus parámetros expresivos.	33
TOTAL SESIÓNS		45

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	1	1	2
Exposición maxistral	2	1	3
Práctica individual	10	11	21
Práctica colectiva	10	5	15
Outros (Traballos de aula)	15	6	21
Titorías individuais	2		2
Actividades de avaliación. Probas	2	10	12

Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	2	10	12
Actividades de avaliación. Revisión	1	1	2
TOTAL	45	45	90
PORCENTAXE	50%	50 %	100 %

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSIÑANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado así como a presentar a materia.
Exposición maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Práctica individual	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo.
Práctica colectiva	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo.
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado ao seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.
Titorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén co profesor da materia para asesoramento/ desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe, seguimento e coordinación de traballos, realización de actividades específicas vinculadas a competencias non adquiridas, clarificación de todo tipo de cuestións vinculados cos núcleos temáticos da disciplina, seguimento de actividades e asesoramento para a realización de probas.
Actividades de avaliación. Probas	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta a actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.
Actividades de avaliación. Presentacións/Mostras	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou do resultado dun traballo, exercicio, proxecto...Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Actividades de avaliación. Revisión	Análise profesor/alumno dos recursos procedimentais empregados por este na resolución das probas e os seus resultados.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA	
Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
<p>O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.</p>		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Probas prácticas de aula.	T1, T2, T3, T13, T15, X3, X5, X6, E11, E13, E15	50 %
Presentacións/Mostras de traballos aula: Presentación de escenas.	T1, T2, T3, T12, T13, T15, X3, X5, X6, E11, E13, E15	50 %
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Probas prácticas I: 1. Lectura dun texto entregado no momento do exame. 2. Exercicios prácticos solicitados pola docente a realizar co texto.	T2, T3, T13, X5, X6, E11, E15	30 %

Probas prácticas II: 1. Presentación dunha escena entregada pola docente na que @alumn@ porá en práctica o traballado no temario da presente guía. 2. Entrega dunha memoria por escrito sobre o proceso de traballo do exercicio práctico. A memoria presentárase segundo os parámetros descritos no apartado de Observacións.	T1, T2, T3, T12, T13, T15, X3, X5, X6, E1, E3, E5	70 %
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Probas prácticas I: 1. Lectura dun texto entregado no momento do exame. 2. Exercicios prácticos solicitados pola docente a realizar co texto.	T2, T3, T13, X5, X6, E1, E5	25 %
Probas prácticas II: 1. Presentación dunha escena entregada pola docente na que @alumn@ porá en práctica o traballado no temario da presente guía. 2. Entrega dunha memoria por escrito sobre o proceso de traballo do exercicio práctico. A memoria presentárase segundo os parámetros descritos no apartado de Observacións.	T1, T2, T3, T12, T13, T15, X3, X5, X6, E1, E3, E5	55 %
Probas propostas pola docente sobre exercicios realizados na aula.	T1, T2, T3, T12, T13, T15, X3, X5, X6, E1, E3, E5	20 %

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

- Berry, C. (2014) *Texto en acción*. Madrid. Ed. Fundamentos.
- Berry, C. (2006) *La voz y el actor*. Barcelona. Ed. Alba.
- Bustos Sánchez, I. (2003) *La voz, la técnica y la expresión*. Badalona. Ed. Paidotribo.
- Caballero, C. (1985) *Manual para educar la voz hablada y cantada*. México. Edamex.
- Domínguez Dapena, C. (2004) *Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz*. Vigo. Editorial Galaxia.
- McCallion, M. (2006) *El gran libro de la voz*. Barcelona. Ed. Urano.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

- Blasco, V. (2006) *Manual de técnica vocal*. Ciudad Real. Ñaque Editores.
- Calais-Germain, B. (2010) *Abdominales sin riesgo*. Barcelona. La Liebre de Marzo.
- Molner, A. (2005) *Taller de voz. Recursos para evitar las afecciones vocales, mejorar la expresión y vencer el miedo a hablar en público*. Barcelona. Alba Editorial.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

1. O alumno perderá a aviación ordinaria cando supere o 10% de faltas de asistencia.
 2. O alumno que perda o dereito á avaliación ordinaria deberá poñerse en contacto coa docente para recibir o material necesario para a realización do exame extraordinario.
 3. Os traballos deberán presentarse segundo aparece na documentación pendurada da web <https://esadgalicia.com/alumnado/>
- E sempre dacordo ás normas APA: <https://normasapa.com/>